



De acordo coa Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 18), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao consello Escolar, SECTOR DE PROFESORES, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a dous mestres.
2. O censo electoral de mestres está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 14 de novembro.
4. A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
5. Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de dous nomes da lista de candidatos.
6. O voto será directo, secreto e non delegable.
7. Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así como tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convócase Claustro de Profesores, a tales efectos, para o día 17 de novembro, ás 12:00 horas.
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lobios, 3 de novembro de 2008
A DIRECTORA DO CENTRO
E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Milagros Paz León